



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Industria Intelixente. IIoT	Código	730G04077	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información			
Coordinación	Becerra Permuy, Jose Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.becerra.permuy@udc.es	
Profesorado	Becerra Permuy, Jose Antonio Paz López, Alejandro	Correo electrónico	jose.antonio.becerra.permuy@udc.es alejandro.paz.lopez@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia pretende formar aos estudantes na Internet das cousas (IIoT = Industrial Internet of Things) e, en particular, na súa aplicación na industria (IIoT = Industrial Internet of Things). As sesións maxistras tratarán de proporcionar unha visión ampla e completa de todos os aspectos relevantes, mentres que o resto de actividades servirán para que os alumnos poidan levar aos práctica exemplos de aplicación de todo o que sexa posible dentro do transmitido nas sesións maxistras.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantéñense todas as metodoloxías. *Metodoloxías docentes que se modifican Todas as metodoloxías terán que ser adaptadas. Así, a sesión maxistral, as prácticas de laboratorio, a solución de problemas e a proba mixta realizaranse mediante Teams e / ou Moodle. A presentación dos traballos tutelados realizarase tamén mediante Teams. Os dispositivos físicos empregados en todas as metodoloxías serán substituídos por simuladores ou serán cedidos aos alumnos (dependendo do número final de alumnos matriculados e da dispoñibilidade de material).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Fóra das titorías en despacho, mantéñense os mesmos mecanismos de atención personalizada, a saber: videoconferencia e mensaxería por Teams, Moodle e correo electrónico, por esta orde de preferencia. Adicionalmente, se o profesorado observa que hai dúbidas comúns a un grupo de alumnos, poderanse programar titorías de grupo reducido mediante videoconferencia por Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: Non hai cambios na avaliación, máis aló de que será realizada telemáticamente mediante Moodle ou Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Toda a bibliografía recomendada foi adquirida pola biblioteca do centro en PDF ademais de en papel, polo que podería ser proporcionada aos alumnos. No caso de que iso non fose posible por unha cuestión de dereitos de autor, o profesorado proporcionaríaa unha substitutoria de libre acceso.</p>			

Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Coñecer o concepto do Internet Industrial das Cousas (IIoT).	B7	C6
Elementos que o configuran, a súa interconexión e comunicación.	B7 B9	
Entender a maneira en que poden implementar e axudar na optimización dos procesos e á mellora da eficiencia.	B5 B7 B9	C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Os bloques ou temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na ficha da memoria de verificación.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción - Dispositivos de monitoraxe, control e comunicación - Visualización. Plataformas in cloud - Comunicación e datos - Xestión de datos - Automatización da xestión na industria intelixente
Tema 1: Introducción	1.1.- IoT e IIoT 1.2.- Exemplos de aplicación
Tema 2: Arquitecturas	2.1.- Elementos 2.2.- Tipos
Tema 3: Dispositivos	3.1.- Tipos de dispositivos: 3.2.- Sensores e endpoints 3.3.- Actuadores 3.4.- Fontes de enerxía 3.5.- Plataformas hardware
Tema 4: Redes de comunicación	4.1.- Tipos de redes: WAN, LPWAN, WLAN, WPAN... 4.2.- Gateways 4.3.- Protocolos de comunicación: MQTT, HTTP...
Tema 5: Procesamento da información	5.1.- Edge / Fog Computing 5.2.- Cloud computing 5.3.- Data Analytics e Machine Learning 5.4.- Dixital Twins 5.5.- Plataformas software: AWS, Azure...
Tema 6: Interfaces de usuario	6.- Interfaces de usuario
Tema 7: Seguridade	7.- Seguridade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B7 B9 C4 C6	21	26.25	47.25
Prácticas de laboratorio	B5 B7 B9	14	21	35
Solución de problemas	B5 B7 B9 C4	7	17.5	24.5
Traballos tutelados	B5 B7 B9 C4 C6	0	37.5	37.5
Proba mixta	B7	1	1.75	2.75
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Actividade presencial na aula que serve para establecer os conceptos fundamentais da materia. Consiste na exposición oral facendo uso profuso de medios audiovisuais e buscando a participación dos alumnos mediante a formulación de casos prácticos e a realización de preguntas, co fin de facilitar a aprendizaxe e fomentar o espírito crítico.
Prácticas de laboratorio	Mediante esta actividade os alumnos implementarán no laboratorio pequenos sistemas que exemplificarán os conceptos vistos nas sesións maxistrais, de forma que poidan probar no mundo real algúns dos métodos e técnicas, e valorar de primeira man os problemas (e as súas implicacións) que xorden na implementación de sistemas de IoT.
Solución de problemas	Como continuación das prácticas de laboratorio, solicitaranse tamén implementacións de determinados elementos de sistemas IoT pero, neste caso, a diferenza das prácticas, os enunciados estarán máis abertos e os alumnos terán que escoller entre varias alternativas. Ao finalizar, deberán presentar de forma breve (≈ 5') aos profesores e aos seus compañeiros as conclusións obtidas no proceso, os aspectos positivos e negativos das decisións de implementación tomadas.
Traballos tutelados	Realización dun único traballo ao longo do cuadrimestre, exposto de forma incremental, realizado de forma autónoma e titorizado polos profesores, que implicará levar á práctica gran parte dos conceptos vistos nas sesións maxistrais. O traballo será realizado en grupo e os alumnos entregarán, en soporte informático, unha memoria e terán que realizar tamén unha presentación #ante o profesor e os seus compañeiros de clase.
Proba mixta	Proba de avaliación que se realizará nas correspondentes oportunidades das convocatorias oficiais. Consistirá nunha proba escrita con preguntas moi breves e / ou de tipo test, coa finalidade de comprobar o afianzamento dos conceptos teóricos máis importantes vistos na materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Prácticas de laboratorio: a atención personalizada nas prácticas consistirá en resolver as dúbidas conceptuais ou procedementais que poidan xurdir durante a súa realización.
Solución de problemas	Solución de problemas: de forma similar ao caso das prácticas, resolveranse dúbidas, pero aquí as respostas serán en ocasións menos directas, buscando a reflexión por parte do alumnado e fomentando a toma de decisións fundadas que ponderen convenientemente os pros e os contras.
Traballos tutelados	Traballos tutelados: será necesario mostrar os avances que se vaian realizando para ofrecer a orientación adecuada, resolver dúbidas e asegurar a calidade do traballo. Estas titorías realizaranse en grupo e de forma presencial no despacho do profesor.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
--------------	--------------	------------	---------------



Prácticas de laboratorio	B5 B7 B9	<p>Consistirá na recompilación de todas as prácticas de laboratorio realizadas durante o curso. Estas deberán realizarse no tempo asignado ás clases prácticas, e entregaranse ao final das mesmas. Durante a súa realización, o alumno pode expor dúbidas ao profesor ou consultar os materiais que estime oportuno. Por tanto, esta actividade avaliará o traballo diario do alumno nas clases prácticas.</p> <p>Criterios xerais de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">* Traballo e esforzo realizado polo alumno durante as clases.* Adecuación das solucións realizadas para cada exercicio. <p>Nomenclatura empregada na sección de observacións para esta actividade: PL: nota obtida nos exercicios realizados nas clases prácticas de laboratorio (6% da nota final).</p>	6
Proba mixta	B7	<p>Proba de avaliación que se realizará nas correspondentes oportunidades das convocatorias oficiais. Consistirá nunha proba escrita con preguntas moi breves e / ou de tipo test, coa finalidade de comprobar o afianzamento dos conceptos teóricos máis importantes vistos na materia.</p> <p>Criterios de avaliación xerais:</p> <ul style="list-style-type: none">* Respostas correctas. <p>Nomenclatura empregada na sección de observacións para esta actividade: PM: nota obtida nesta proba (30% da nota final).</p>	30
Solución de problemas	B5 B7 B9 C4	<p>Prácticas de laboratorio máis abertas e complexas que poderán abarcar máis dunha semana. Dependendo da práctica, esta realizarase integramente no laboratorio ou dependerá do estudo dalgunha alternativa por parte do alumno fose da aula. Será imprescindible entregar as prácticas en tempo e forma seguindo as pautas específicas do enunciado publicado en cada caso.</p> <p>Criterios xerais de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">* Adecuación dos exercicios entregados ás pautas expostas no enunciado.* Calidade e eficiencia da solución exposta polo alumno.* Respostas adecuadas ás preguntas na presentación de conclusións da práctica. <p>Nomenclatura empregada na sección de observacións para esta actividade: SP: nota obtida no total dos exercicios que deben de realizar seguindo esta metodoloxía (24% da nota final).</p>	24



Traballos tutelados	B5 B7 B9 C4 C6	<p>Traballo autónomo en grupos reducidos. Será necesario entregar os materiais (documento e presentación) en tempo e forma seguindo as indicacións do enunciado. Ademais, requirirá a exposición oral por parte de todos os integrantes do grupo de traballo, empregando para iso a presentación entregada. A non realización da presentación supoñerá unha nota de cero nesta actividade.</p> <p>Criterios xerais de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Claridade, extensión e calidade da memoria do traballo. * Claridade e calidade da exposición oral do traballo. * Dominio do tema e adecuación das contestacións do alumno ás preguntas do profesor na sesión de exposición. * Asistencia e aproveitamento das titorías de seguimento. <p>Nomenclatura empregada na sección de observacións para esta actividade: TT: nota obtida no traballo tutelado (40% da nota final).</p>	40
---------------------	----------------	---	----

Observacións avaliación

Para poder aprobar a materia o estudante deberá cumprir os seguintes requisitos (puntuación entre 0 e 10 en todas as actividades): 1) Que a nota ao calcular a suma ponderada ($0,06 \times PL + 0,24 \times SP$) dos dous tipos de prácticas de laboratorio sexa maior ou igual que 1,5. 2) Que a nota no traballo tutelado sexa maior ou igual que 5. 3) Que a nota na proba mixta sexa maior ou igual que 5. Se non se cumpren todos os requisitos anteriores a cualificación será de suspenso e a nota numérica máxima que se poderá obter, na oportunidade correspondente, será de 4,5 puntos. Se se cumpren os requisitos esixidos, a nota final calcularase da seguinte forma: $NOTA\ FINAL = 0,06 \times PL + 0,24 \times SP + 0,4 \times TT + 0,3 \times PMA$. Aínda que a asistencia ás clases non é obrigatoria, o primeiro requisito converte en moi difícil aprobar a materia se o número de ausencias ás clases no laboratorio é elevado. No caso dos alumnos matriculados a tempo parcial, dependendo das circunstancias e se os profesores considéranlo necesario, a parte da puntuación das diferentes prácticas de laboratorio poderá pasarse ao traballo tutelado, a cambio da obriga da existencia dunha titoría cada semana para garantir o correcto aproveitamento da materia. As mesmas consideracións son aplicables aos alumnos que opten por presentarse á convocatoria de decembro. Notas sobre as actividades: - Todas as actividades terán unha única oportunidade para a súa entrega durante o curso académico, salvo a proba mixta que terá dúas oportunidades oficiais de exame. Por tanto, as notas obtidas durante o curso nas prácticas e no traballo tutelado gárdanse para a oportunidade de xullo, NON SENDO POSIBLE REPETILAS. - De acordo ao artigo 14, apartados 1 e 3 da normativa de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, cuxa última versión é do 29 de xuño de 2017, a copia ou intento de copia (ou calquera comportamento impropio) durante unha proba implicará a cualificación de suspenso cun 0 nas dúas oportunidades da convocatoria anual. - De acordo ao artigo 14, apartado 4 da mesma normativa, o plaxio de calquera traballo implicará a cualificación de suspenso cun 0 no devandito traballo.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Veneri, G., & Capasso, A. (2018). Hands-On Industrial Internet of Things. Packt Publishing Ltd. - Dow, C. (2018). Internet of Things Programming Projects. Packt Publishing Ltd.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Lea, P. (2018). Internet of Things for Architects. Packt Publishing Ltd. - Ravulavaru, A. (2018). Enterprise Internet of Things Handbook. Packt Publishing Ltd.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

INFORMÁTICA/730G04004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Para axudar a conseguir unha contorna sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5 ("Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social") do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: 1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático. 2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 3. De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías